

ACTA Nº 46/10

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 15 DE NOVEMBRO 2010

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.

D. Victor Pastoriza Lino

D. Valentín Piñeiro González.

Dona Libertad Cruz Couso

D. Daniel Rodas Chapela.

Secretario: D. Carlos Piñeiro Sarmiento.

Na casa do Concello de Moaña, a 15 de novembro de 2010, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:05 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Non se traen actas a aprobación.

2.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.

Dáse conta que na resolución nº 551/10, do 9 de novembro de 2010, a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno para dar de alta no servizo municipal da Ludoteca a unha nena.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia das persoas interesadas que de seguido se relacionan e examinado o informe do técnico municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

3.A) EXPTE. 180/10 – D.^a MARÍA JOSÉ VIEITEZ CORRALES presenta proxecto para a construción de muro de contención de terras de 45,00 ml x 1,50 m, e construción de cerre de 60,50 m l x 1,50, ámbolos dous a lindantes, a base de pedra e bloques e tela metálica, no barrio de Berducedo, redactado polo arquitecto técnico D.José buceta Amoedo, visado o 25.10.10.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 10 de novembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PORTAL, MURO DE PECHE, MURO DE CONTENCIÓN (O. MAIOR)
INFORME: **Procede licenza** de acordo coas determinacións do proxecto.

Non require informes sectoriais.
No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	164,42 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €
Cartel	110,00 €

3.B) EXPTE. 177/10 – UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., representada por D. Fernando Val López, presenta separata do proxecto da obra RBTS LG Quintela-San Martiño (Nº SGD: 248310070123) redactada polo enxeñeiro técnico industrial D. Daniel Altes Altes, visado na data 29.09.10.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 8 de novembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: RBTS (O. MAIOR)
INFORME: **Procede licenza**

Non require informes sectoriais
No expediente consta o estudo básico de seguridade

3.C) EXPTE. 176/10 – UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., representada por D. Fernando Val López, presenta separata do proxecto da obra RBTS Palmás-Domaio (Nº SGD: 248310010059) redactada polo enxeñeiro técnico industrial D. Daniel Altes Altes, visado na data 29.09.10.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 8 de novembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: RBTS (O. MAIOR)
INFORME: **Procede licenza**

Non require informes sectoriais
No expediente consta o estudo básico de seguridade

3.D) EXPTE. 106/10 – UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., representada por D. Fernando Val López, presenta separata do proxecto da obra RBTS Camiño da Rotea, 125-C (Nº SGD: 248309020069) realizando 43 m de canalización pola calzada, de formigón polo camiño da Rotea, do barrio de Quintela, redactada polo enxeñeiro técnico industrial D. Daniel Altés Altés, visado na data 15.06.10.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 8 de novembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: RBTS. CAMIÑO DA ROTEA (O. MAIOR)
INFORME: **Procede licenza**

Non require informes sectoriais
No expediente consta o estudo básico de seguridade

4.- AGRUPACIÓN E PARCELACIÓNS. CORRECCIÓN DE ERRO

EXPTE. 172/09 – D^a Elena Solla Pastoriza e outros.

D. Alberto Gil Solla, por escrito do 27 de agosto de 2010, expón que é propietario dunha finca co nº de referencia catastral que indica, o seu irmán é propietario doutra e a súa nai doutra. Indica que en agosto de 2009 presentaron no Concello solicitude para, primeiro, dividir a finca da súa nai en dúas partes e posteriormente anexar cada parte ás fincas de seu irmán e á súa, pasando de tres parcelas a dúas. Na Xunta de Goberno Local do 31.08.09, concedeuselles licenza para agrupar as 3 fincas e logo dividir a resultante en 2, en vez de dividir a finca do medio en logo agrupar unha parte á súa finca e a outra á do seu irmán como pediran. Pide que se corrixa o erro no sentido do solicitado, e que se modifique o acordo nos termos que foi solicitado, é dicir, para proxecto de segregación da finca do medio (finca B no plano 02) e posterior agrupación das parcelas resultantes ás outras dúas fincas (unha á finca A e outra á C), quedando o resultado como se pode ver no plano 03.

Visto o informe do aparelador municipal do 9 de novembro de 2010, que di:

EXPTE. DE OBRAS:172/09.

PETICIONARIOS: ELENA SOLLA PASTORIZA E GERARDO E ALBERTO GIL SOLLA.

Ante a proposta efectuada con R.E. 6952 de 27 de agosto de 2010 cuxo resultante final idéntico a contida na resolución da Xunta de Goberno Local de 31 de agosto de 2009 acéptase o seguinte proceso:

Segundo documentación técnica visada o 11 de agosto de 2009 polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos outórgase licenza para segregar a parcela B segundo as dimensións e características gráficas expresadas no documento; así mesmo outórgase a licenza de agrupación simultánea das dúas porcións resultantes da parcela B con sendas parcelas lindantes A e C resultando as determinadas na proposta técnica, plano nº 3, como parcela 1 de 880,00 M/2 e parcela 2 de 1017,00 M/2.

A presente resolución substitúe a anterior

Liquidación provisoria de tributos

Taxas licenzas reparcelación 95,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda corrixir o contido do acordo do 31 de agosto de 2009 no sentido de outorgar a licenza para segregar a parcela B segundo as dimensións e características gráficas expresadas no documento; así mesmo outórgase a licenza de agrupación simultánea das dúas porcións resultantes da parcela B con sendas parcelas lindantes A e C resultando as determinadas na proposta técnica, plano nº 3, como parcela 1 de 880,00 M/2 e parcela 2 de 1017,00 M/2.

5.- OBRAS MENORES

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder as licenzas de obras menores, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

5.A) EXPTE. 166/10 – D^a MERCEDES COLLAZO NOGUEIRA solicita licenza municipal de obras para ampliar un portal existente de acceso á súa propiedade, de 2,50 m de ancho a 4,00 m, no barrio do Igrexario, 20 – Tirán.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 8 de novembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: AMPLIACIÓN DE PORTAL (O. MENOR)
INFORME: Procede licenza.

Posicionarase a catro metros do eixo da vía pública.
Altura máxima de 1,80 metros.
Non require informes sectoriais.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 16,52 €
Taxas licenza urbanística 65,00 €

5.B) EXPTE. 174/10 – D^a MARÍA JOSÉ PENA SANTOMÉ solicita licenza municipal de obras para construción de peche de 115,98 ml por 2,00 e 1,00 m de altura, a lindantes a vía pública, a base de bloques prefabricados de formigón, e postes e tela metálica, a situar no barrio de Reibón, s/n – Meira.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 9 de novembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PECHE (O. MENOR)
INFORME: Procede licenza.

Non require informes sectoriais.
Axustarase a alineación do sistema viario. Replanteará o inspector de obras.
Altura máxima de 2,00 m. e 1,00 m das características especificadas na documentación presentada que se ubican respectivamente nas zonas urbanas e aptao para urbanizar asimilable a rústico.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 66,08 €
Taxas licenza urbanística 65,00 €

6.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

6.A) D. Fernando José Esteves da Rocha, en representación de CONSTRUCCIONES ALTEDOR, S.L., solicita licenza de primeira ocupación para a vivenda A das dúas vivendas unifamiliares situadas na Ameixoadá, pertencente á licenza de obra (Expte. nº 306/2005, concedida pola XGL en sesión de data 10.12.2007).

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e informe do técnico municipal de data 28 de outubro de 2010 que di:

ASUNTO: SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

INFORME: Procede informar favorablemente a solicitude de Licenza de primeira ocupación.

A solicitude obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

Copias dos recibos da taxa de licenza urbanística e liquidación provisional do imposto de construción, xustificantes do pago das taxas polos conceptos de Conexión ós sumidoiros.

Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, o día 04 de decembro de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 7 de setembro de 2010; asinado polo arquitecto D. José Díaz de la Iglesia o día 04 de decembro de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 16 de setembro de 2010.

Fotografías e planos do estado final da obra rematada e acordos coa licenza adxudicada.

Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmoables de natureza urbana. Modelo 902-N.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación 130,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar A dimanante da

licenza en Expte. nº 306/2005, á súa promotora CONSTRUCCIONES ALTEDOR, S.L., nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

6.B) D. Ángel Manuel Boubeta Rodríguez solicita licenza de primeira ocupación para a vivenda unifamiliar situada en Costa-Domaio, pertencente á licenza de obra (Expte. nº 208/99, concedida pola XGL en sesión de data 08.11.1999).

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e informe do técnico municipal de data 8 de novembro de 2010 que di:

ASUNTO: SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

INFORME: **Procede informar favorablemente a solicitude de Licenza de primeira ocupación.**

A solicitude obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

Copias dos recibos da taxa de licenza urbanística e liquidación provisional do imposto de construción, xustificantes do pago das taxas polos conceptos de Conexión ós sumidoiros.

Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, o día 17 de novembro de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 1 de decembro de 2009; asinado polo arquitecto D. José Díaz de la Iglesia o día 17 de novembro de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 16 de decembro de 2009.

Fotografías e planos do estado final da obra rematada e acordos coa licenza adxudicada.

Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana. Modelo 902-N.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación 130,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar dimanante da licenza en Expte. nº 208/1999, ao seu promotor D. Ángel Manuel Boubeta Rodríguez.

6.C) D. Ignacio Manuel Maraña Goldar e D.^a María Nieves Neira Iglesias solicitan licenza de primeira ocupación para a vivenda unifamiliar situada en Pozo Negro – O Redondo, pertencente á licenza de obra (Expte. nº 113/05, concedida pola XGL en sesión de data 18.07.2005).

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e informe do técnico municipal de data 8 de novembro de 2010 que di:

ASUNTO: SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

INFORME: Procede informar favorablemente a solicitude de Licenza de primeira ocupación.

A solicitude obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

Copias dos recibos da taxa de licenza urbanística e liquidación provisional do imposto de construción, xustificantes do pago das taxas polos conceptos de Conexión ós sumidoiros.

Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, o día 24 de febreiro de 2008, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 3 de xullo de 2008; asinado polo arquitecto D. José Díaz de la Iglesia o día 24 de febreiro de 2008, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 22 de xullo de 2008.

Fotografías e planos do estado final da obra rematada e acordos coa licenza adxudicada.

Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmoables de natureza urbana. Modelo 902-N.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación 130,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar dimanante da licenza en Expte. nº 113/2005, aos seus promotores D. Ignacio Manuel Maraña Goldar e D.^a María Nieves Neira Iglesias.

7.- PROPOSTA DE GASTOS

7.A) Vista a necesidade de que o centro de saúde de Domaio se abasteza de enerxía eléctrica mediante o subministro por unha empresa autorizada, pediuse un orzamento á Unión Fenosa Distribución, S.A. que valorou en 168,72 euros (ive incluído) os traballos necesarios para posibilitar a conexión á rede. Indican tamén na valoración que dita cantidade non inclúe os dereitos que o usuario final deba pagar no momento da contratación.

Vista a solicitude de expedición dun pago a xustificar de Víctor Pastoriza Lino en concepto de pagamento destes dereitos de acometida,

Vista a existencia de crédito suficiente e adecuado para a imputación ao orzamento por un importe de 168,72 €, con cargo á partida 3120 63204

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro.- Aprobar a proposta de gasto e o pago a xustificar a Victor Pastoriza Lino por importe de 168,72 euros, en concepto de pagamento dos dereitos de acometida a

Unión Fenosa Distribución, S.A. do Centro de Saúde de Domaio, con cargo a partida 3120 63204

Segundo.- Notificar a presente Resolución ao departamento de Intervención aos efectos oportunos.

7.B) Vista a necesidade de dotar á Escola municipal de música de equipos informáticos, pediuse un orzamento a Cybernova Moaña, S.L. para a adquisición de dous equipos e dúas impresoras, que a empresa valora en 1.861 euros (ive incluído),

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2010 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectuou na partida 3250-62600, RC 1543

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o orzamento, autorizando e comprometendo o gasto, por un importe de 1.861 € a favor da empresa Cybernova Moaña, S.L., con cargo a partida 3250-62600 RC 1543, pola adquisición de equipos informáticos para a Escola Municipal de Música.

7.C) A Concellería de Cultura e Ensino solicita que se faga a reserva de crédito suficiente para sufraga o gasto de agasallos para os certames corais de Sta. Cecilia, organizada pola Coral Moañesa o vindeiro 20 de novembro, e o Certame Coral de Panxoliñas, organizado polo Coro Virxe do Carme do 4 de decembro. Achega orzamento de Río da Ribeira Macbil, S.L. por 9 bandexas por importe de 159,30 euros, ive incluído.

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2010 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectuou na partida 3340-22601, RC 1542.

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o orzamento, autorizando e comprometendo o gasto, por un importe de 159,30 euroa favor da empresa Río da Ribeira Macbil, S.L., con cargo a partida 3340-22601 RC 1542, polo subministro de agasallos para o departamento de cultura, Certames de corais.

8.- REXISTRO DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS - SECRETARIA

Vista a solicitude presentada por D. Jaime Durán Martínez para a RENOVACIÓN DE LICENZA nº 6/2005 para a tenza da súa cadela “Bora”, de raza considerada perigosa, por ter transcorridos xa cinco anos desde seu outorgamento, Visto que desde Secretaría informan que presenta toda a documentación requirida,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a renovación da licenza nº 6/2005, de D. Jaime Durán Martínez, para a tenza da súa cadela Bora, de raza *presa canario*, nº de microchip 985100006347806.

9.- LUDOTECA: ALTAS

Visto o informe do 10 de novembro de 2010 emitido pola coordinadora da Ludoteca en relación a solicitudes que se recibiron para a admisión de nenos/as no servizo da Ludoteca municipal, feitas polas súas nais, así como as tarifas que lle corresponde en función da ordenanza municipal,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Dar de alta no servizo municipal da Ludoteca ás seguintes usuarias, con indicación do seu nome, o nº de socia/o, tarifa que lle corresponde e nome da persoa responsable obrigada ao seu pagamento:

Socia 234	Layla Rial Santomé M ^a CARMEN SANTOMÉ ROMERO (nai)	Art. 4 Epgr. 1º 78.733.339 - S
Socia 235	Amara Santomé Sierra RENATA SIERRA CASTELO (nai)	Art. 4 Epgr. 3º a 36.146.935 C
Socio 236	Brais Santomé Sierra RENATA SIERRA CASTELO (nai)	Art. 4 Epgr. 3º a 36.146.935 C

Segundo: Trasladar á Recadación municipal a presente resolución.

10.- SOLICITUDES DE PAGAMENTOS DE DESPRAZAMENTOS DE PERSOAL DO CONCELLO

O inspector xefe da Policía local, por informe do 8 de outubro de 2010, indica que o día 7 de outubro de 2010 o policía Julio Sobral Poceiro tivo que desprazarse no seu vehículo particular a Pontevedra para asistir como testemuña a un xuízo, no Xulgado do Penal nº 1, e que percorreu un total de 60 km, ida e volta. Indica tamén que ao abeiro do acordo marco e segundo o custe estipulado de 0,19 €/km, solicita que se lle pague a cantidade de 11,40 euros polo quilometraxe efectuado.

Visto o informe do interventor municipal do 8 de novembro de 2010 no que emite reparo ao recoñecemento desta obriga xa que *no acordo marco regulador das condicións de traballo do persoal funcionario ao servizo do Concello de Moaña non consta a previsión de abono de gastos por causa de desprazamentos por asistencias a xuízos, e xa que este gasto non é unha indemnización por razón do servizo das contempladas no hoxe vixente Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, e xa que estas comparecencias xudiciais non se efectúan no marco do servizo encomendado polo Concello de Moaña senón no seo dun procedemento xudicial e, en todo caso, non constando a existencia dun permiso outorgado polo órgano municipal competente.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar a solicitude de pagamento do desprazamento realizado segundo o informe do Interventor municipal.

11.- SOLICITUDE DE AXUSTE DE SALARIO DA ORIENTADORA LABORAL

D^a Carmen Pérez García, orientadora laboral do Concello, expón que se recibiu a nova resolución de concesión de subvención da Consellería de Traballo para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego no Concello de Moaña, na que se subvenciona a contratación de 1 técnico de orientación e os gastos xerais derivados do servizo, dende o 01.02.10 ata o 31.01.11. A cantidade subvencionada para o custe de persoal, incluída a SS da empresa, é de 29.201,26 euros anuais, o que suporía un bruto mensual de 1.811,64 euros/mes, e contéplase que a entidade subvencionada estableza retribucións superiores ás definidas na resolución. Dado que o seu salario é inferior á cantidade subvencionada, solicita que se lle axuste o seu salario á cantidade subvencionada para gastos de persoal, modificando a súa nómina e que se lle pague a diferenza correspondente dende o mes de de febreiro de 2010.

O comité de persoal e os delegados da Xunta de Persoal do Concello informan de que na mesa de negociación do Concello do 26 de agosto deste ano se tratou este asunto e propoñen que se adapte o seu salario á contía subvencionada para gastos de persoal e que se poida xustificar a subvención recibida ao 100%.

Visto o informe do interventor do 15 de novembro de 2010, que indica *a determinación do salario asignado a un posto de traballo debe ser o resultado dun proceso previo e*

obxectivo de clasificación e análise do seu contido, sendo isto independente da cantidade que eventualmente poida conceder outra administración, neste caso a Xunta de Galicia, para financiar total ou parcialmente o servizo. Así, se o salario inicial, neste caso determinado nas bases que regularon a selección dunha orientadora de emprego, era o adecuado, as súas variacións unicamente se someterán ao que sobre o respecto indiquen as leis de orzamentos xerais do Estado e por aplicación dos mesmos os orzamentos xerais do Concello de Moaña, sendo incrementado, e tamén reducido, nas porcentaxes que se establezan para cada exercicio, no marco do respecto á porcentaxe de incremento global máximo da masa salarial do persoal laboral. Por tanto, a xuízo desta Intervención, un incremento da subvención concedida para o financiamento dos gastos derivados da contratación dun orientador laboral non pode supor o incremento directo das retribucións asignadas a este posto de traballo, no mesmo senso que unha eventual diminución da subvención tampouco podería ser causa para a rebaixa das mesmas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar o solicitado polos motivos recollidos no informe do interventor municipal.

12.- CERTIFICACION DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA ESCOLA DE MÚSICA, (MOAÑA)”.

Dáse conta da certificación nº 5 da obra ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA ESCOLA DE MÚSICA (MOAÑA), presentada pola empresa PLYGEPE, S.L., asinada polo director de obra D. Javier Rial Lemos, así como da factura nº 10.107 de data 30/09/10, por importe de 1.187,72 euros, ive incluído.

Visto o informe de subcontratación presentado pola empresa,

Visto o informe do interventor municipal de data 10 de novembro de 2010, no que indica que se cumpren os requirimentos esixidos no PCAP para o pagamento das certificacións de obra, non así para o recoñecemento da obriga xa que nos pregos se esixe que ademais do informe de subcontratación se acheguen copias das facturas emitidas polos subcontratistas e, transcorrido o prazo, o xustificante do seu pagamento.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Levantar o reparo da Intervención Municipal, emitido en informe de data 10 de novembro de 2010, acordando pola presente, requirir do adxudicatario para que presente copias das facturas emitidas polos subcontratistas e, transcorrido o prazo, o xustificante do seu pagamento.

Segundo: Aprobar a certificación nº 5 de data 18/09/10, por importe de 1.187,72 euros da obra “Acondicionamento de local para escola de música (Moaña)”.

Terceiro: Aprobar a factura nº 10.107 da empresa adxudicataria PLYGEPE, S.L. polo importe de 1.187,72 euros, recoñecendo a obriga con cargo a partida 3250.63200.

13.- AUTORIZACION ACOPIO MATERIAIS OBRA “CONSERVACIÓN E REFORMA CENTRO CULTURAL ROSALÍA DE CASTRO”

Presentada solicitude, nº de rexistro de entrada 8.680 de 12 de novembro, pola empresa contratista, JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ CONSTRUCCIONES S.A., de autorización para abonos a conta por materiais acopiados correspondentes á obra “Conservación e Reforma Centro Cultural Rosalía de Castro”.

Visto o artigo 200.3 da Lei 30/2007: *“El contratista tendrá también derecho a percibir abonos a cuenta por el importe de las operaciones preparatorias de la ejecución del contrato y que estén comprendidas en el objeto del mismo, en las condiciones señaladas en los respectivos pliegos, debiéndose asegurar los referidos pagos mediante la prestación de garantía.”*

Visto o disposto no artigo 155 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas: *“El contratista tendrá derecho a percibir abonos a cuenta hasta el 75 % del valor de los materiales acopiados necesarios para la obra previa autorización del órgano de contratación que tendrá por único objeto controlar que se trata de dichos materiales y que se cumplen los siguientes requisitos:*

- a. Que exista petición expresa del contratista, acompañando documentación justificativa de la propiedad o posesión de los materiales.*
- b. Que hayan sido recibidos como útiles y almacenados en la obra o lugares autorizados para ello.*
- c. Que no exista peligro de que los materiales recibidos sufran deterioro o desaparezcan.*
- d. Que el contratista preste su conformidad al plan de devolución a que se refiere el apartado 4 de este artículo.*

...

4. La dirección de la obra acompañará a la relación valorada un plan de devolución de las cantidades anticipadas para deducirlo del importe total de las unidades de obra en que queden incluidos tales materiales.”

Á vista dos avais depositados por JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ CONSTRUCCIONES S.A. por importe total de 106.629,62, que aseguran os pagos.

Vista a certificación emitida polo Director da obra onde se acredita que os materiais acopiados pola empresa cumpren os requisitos previstos no artigo 155 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Visto o plan de devolución das cantidades anticipadas por abonos a conta presentado pola Dirección de Obra, plan de devolución que conta ca conformidade da empresa adxudicataria.

A Xunta de Goberno, como órgano de contratación da obra e, por unanimidade dos presentes, acorda autorizar o abono a conta por materiais acopiados, solicitado por JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ CONSTRUCCIONES S.A., por importe de 106.629,62 euros a incluír na certificación nº 1 da obra “Conservación e Reforma Centro Cultural Rosalía de Castro”, e de acordo co plan de devolución das cantidades anticipadas por abonos a conta, plan de devolución asinado pola Dirección de obras e que conta coa conformidade do contratista.

14.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes conexións:

	Servizo	Lugar	Taxas €	Informe favorable
MARÍA CRUZ CURRÁS	Saneamento, uso doméstico	Riazón, 24	Presenta recibo da ORAL de taxas por saneamento por 14,42 euros do ano 2004	Aqualia Arquitecto técnico
JUAN JOSÉ RIOBÓ ROUCO	Auga, uso doméstico	Xunqueira, 61 portal 1 – 2º D	Taxas conexión 60,00 € Fianza.....20,00 €	Aqualia
MANUEL RÚA VEIGA	Auga e saneamento, uso doméstico	Rosalía de Castro, 14 soto	Conexión auga 60,00 € Fianza.....20,00 € Conexión sumid..... 180,00 €	Aqualia Arquitecto técnico
JOSÉ CANCELAS NOGUEIRA	Saneamento, uso doméstico	Masandía, 1	Taxas conexión 180,00 €	Aqualia Arquitecto técnico
JOSÉ ESTÉVEZ POUSA	Auga, uso doméstico	Bernardino Graña, 3 ático E	Taxas conexión 60,00 € Fianza.....20,00 €	Aqualia Arquitecto técnico
MARCOS AURELIO FEIJOO COLLAZO	Auga, uso doméstico	Broullón, s/n	Taxas conexión 60,00 € Fianza.....20,00 €	Aqualia
CARLOS CORDEIRO PAREDES	Auga e saneamento, uso doméstico	Fernando García Arenal, 46 – 2º	Conexión auga 60,00 € Fianza.....20,00 € Conexión sumid..... 180,00 €	Aqualia Arquitecto técnico
JOSÉ ANTONIO CORDEIRO PAREDES	Auga, uso doméstico	Fernando García Arenal, 46 – 1º	Conexión auga 60,00 € Fianza.....20,00 €	Aqualia Arquitecto técnico
JESÚS ÁLVAREZ MARTÍNEZ	Saneamento, uso doméstico	Casal, 110	Taxas conexión 180,00 €	Aqualia Arquitecto técnico
MARÍA NIEVES DÍAZ JUNCAL	Saneamento, uso doméstico	Igrexario, 183 Tirán	Taxas conexión 180,00 €	Aqualia Arquitecto técnico
RAFAEL FERNÁNDEZ FREIRE	Auga e saneamento, uso doméstico	Camiño Vello, Tirán 28, baixo	Conexión auga 60,00 € Fianza.....20,00 € Conexión sumid..... 180,00 €	Aqualia Arquitecto técnico
GERMAN CASTRO JATO	Auga, uso doméstico	Latón, 318 A	Conexión auga 60,00 € Fianza.....20,00 €	Aqualia Arquitecto técnico
SEOANE PASTORIZA, MARÍA ELENA	Saneamento, uso doméstico	Redondo, 54 (Pozonegro)	Taxas conexión 180,00 €	Aqualia Arquitecto técnico
CORES DÍAS, JESÚS	Saneamento, uso doméstico	Fontes (a lado 161 – mesmo terreo)	Taxas conexión 180,00 €	Aqualia Arquitecto técnico
GROBAS ALONSO, MARTINA	Auga e saneamento, uso doméstico	Avda. Castroviejo, 46 baixo, dereita	Conexión auga 60,00 € Fianza.....20,00 € Conexión sumid..... 180,00 €	Aqualia Arquitecto técnico
OTERO SILVA, CARMEN	Saneamento, uso doméstico	Avda. Marín, 72	Taxas conexión 180,00 €	Aqualia Arquitecto técnico

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:25 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.